

MEMORIA ANUAL DE ACTIVIDADES

Exercicio 2018

INDICE DE CONTIDOS

1. INTRODUCCIÓN

- 1.1. *Aprobación dunha Memoria Anual: a aplicación do principio de transparencia á actividade colexial.*
- 1.2. *Marco xurídico da Memoria Anual.*
- 1.3. *Período ao que se refire esta Memoria.*
- 1.4. *Contido da Memoria.*

2. INFORME DA PRESIDENCIA

- 2.1. *Relacións de carácter institucional.*
 - 2.1.1. *Xunta de Galicia.*
 - 2.1.2. *Consejo General de Cosital.*
 - 2.1.3. *Outras relacións de carácter institucional.*
- 2.2. *Actividades formativas.*
- 2.3. *Seguimento dos concursos ordinario e unitario.*
- 2.4. *Actuacións individuais de asistencia a colexiados.*
- 2.5. *Actuacións de colaboración para a provisión de postos vacantes.*

3. MEMORIA DA SECRETARÍA

- 3.1. *Variacións rexistradas no censo de colexiados.*
- 3.2. *Actividade desenvolta pola Xunta de Goberno.*

4. MEMORIA DA INTERVENCIÓN (informe anual da xestión económica).

- 4.1. *Gastos de persoal.*
- 4.2. *Retribucións dos membros da xunta de goberno por razón do seu cargo.*
- 4.3. *Contas anuais correspondentes ao exercicio 2017.*
 - *Balance de situación (Anexo).*
 - *Conta de resultado económico-patrimonial (Anexo).*
 - *Estado de Execución do orzamento correspondente ao exercicio (Anexo).*

5. OUTROS ASPECTOS DE INTERESE COLEXIAL_____

5.1. Código Ético.

6. PLAN DE ACTUACIÓN PARA O EXERCICIO 2019_____

6.1 Elaboración dun plan estratéxico.

6.2 Renovación da páxina web.

6.3 Consello autonómico.

6.4 Creación de postos de tesourería.

7. PUBLICIDADE DA MEMORIA_____

1. INTRODUCCIÓN.

1.1 APROBACIÓN DUNHA MEMORIA ANUAL: A APLICACIÓN DO PRINCIPIO DE TRANSPARENCIA Á ACTIVIDADE COLEXIAL.

Tanto a norma estatal (Lei 2/1974, de 13 de febreiro, sobre Colexios Profesionais) como, en desenvolvemento desta, a autonómica (lei 11/2001, de 18 de setembro) someten ao principio de transparencia a xestión das organizacións colexiais. Unha das manifestacións desta suxeición, posiblemente a principal, concrétase na obrigatoriedade de elaborar e publicar anualmente unha Memoria comprensiva da actividade desenvolta pola organización ao longo de cada exercicio.

Por aplicación do disposto no artigo 16.1.i) dos vixentes Estatutos do Colexio Territorial de Secretarías, Interventores e Tesoureiros de Administración Local da provincia de A Coruña (DOG Núm. 223 Xoves, 22 de novembro de 2012), así como no artigo 12.2.b) do Real Decreto 353/2011, de 11 de marzo, polo que se aproban os Estatutos xerais da Organización Colexial de Secretarías, Interventores e Tesoureiros da Administración Local (BOE núm. 78 de 01 de Abril de 2011), correspóndelle á Asemblea Xeral do Colexio, entre outras atribucións, a de aprobar a Memoria correspondente ao exercicio vencido, que conterá como mínimo a información que esixe para a mesma a lexislación básica e autonómica sobre colexios profesionais, ademais da liquidación dos orzamentos e as contas de ingresos e gastos.

Para dar cumprimento de todo elo elabóranse as presentes Memorias anuais de Secretaría e Intervención. Por razóns de operatividade, refúndese o contido de ambas Memorias na presente MEMORIA ANUAL; pola mesma razón, inclúense neste documento as Contas anuais correspondentes a 2017, así como outras cuestións que se consideran de interese para o mellor coñecemento da actividade colexial ao longo do ano que agora se pecha.

1.2 MARCO XURÍDICO DA MEMORIA ANUAL.

As normas enumeradas a continuación configuran o marco normativo de aplicación á presente Memoria:

NORMATIVA REGULADORA DOS COLEXIOS PROFESIONAIS

- Lei 2/1974, de 13 de febreiro, sobre Colexios Profesionais.
<https://www.boe.es/buscar/act.php?id=BOE-A-1974-289>
- Lei 11/2001, de 18 de setembro, de colexios profesionais da comunidade autónoma de Galicia.
<https://www.boe.es/buscar/doc.php?id=BOE-A-2001-19609I>

NORMATIVA REGULADORA DE COSITAL

DE CARÁCTER XERAL

- Real Decreto 353/2011, de 11 de marzo, polo que se aproban os Estatutos xerais da Organización Colexial de Secretarías, Interventores e Tesoureiros da Administración Local.
<https://www.boe.es/buscar/act.php?id=BOE-A-2011-5836I>

REFERIDA AO COSITAL CORUÑA

- ORDE do 9 de novembro de 2012 pola que se aproban os estatutos do Colexio Territorial de Secretarías, Interventoras e Tesoureiros de Administración Local dá Coruña.
https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2012/20121122/AnuncioC3C1-151112-0007_gl.html

1.3 PERÍODO AO QUE SE REFIRE ESTA MEMORIA.

O ámbito temporal da presente Memoria abrangue o segundo ano de xestión do actual equipo de goberno, que resultou escollido na Asemblea Electoral Extraordinaria celebrada en data 17.12.16, e que durante o referido período estivo integrada polos seguintes membros:

	NOME	POSTO DE TRABALLO	CARGO DESEMPEÑADO
1.	José Antonio Rueda de Valenzuela	Tesoureiro do Concello de Riveira	Presidente
2.	María Cruz Andrade García	Secretaria Concello de Melide	Vicepresidenta
3.	Belén Rodríguez Tourón	Tesoureira do Concello de Ourense	Interventora
4.	Marcial Rodríguez Toajas	Interventor Adxunto da Deputación de A Coruña	Tesoureiro
5.	Ana Beatriz Oveja Villafañez	Secretaria do Concello de Tordoia	Secretaria
6.	Rosa Ana García Fernández	Secretario do Concello de Muxía	Secretaria suplente
7.	M ^a José Nartallo Penas	Secretaria do Concello de Trazo	Vogal
8.	José Antonio Gómez Pedreira	Secretario Concello de Touro	Vogal
9.	Constantino Cobas Cotelo	Secretario do Concello de Dumbría	Vogal
10.	José Ramón Alonso Fernández	Secretario Xeral do Concello de Santiago de Compostela.	Vogal
11.	Antonio López Vila	Secretario do Concello de Cabanas	Vogal
12.	María García Ferro	Vicesecretaria do Concello de Lugo	Vogal

1.4 CONTIDO DA MEMORIA.

A normativa propia do Cosital nada establece ao respecto de cal haberá de ser o contido da Memoria Anual, facéndose preciso por tanto aplicar directamente o disposto a este respecto na normativa xeral -estatal e autonómica- reguladora das organizacións colexiais. Deste xeito, o contido mínimo da Memoria resulta ser o recollido no artigo 11 da Lei 2/1974, de 13 de febreiro, sobre Colexios Profesionais, e no artigo 10 ter da lei galega.

Parte das previsións incluídas nos preceptos aludidos resultan aplicables a organizacións colexiais concebidas para profesións con características moi distintas á nosa, e non serán por tanto abordadas nesta Memoria; trátase das seguintes:

- Información agregada e estatística relativa a queixas e reclamacións presentadas polos consumidores ou usuarios ou as súas organizacións representativas, así como sobre a súa tramitación e, no seu caso, dos motivos de estimación ou desestimación da queixa ou reclamación, de acordo, en todo caso, coa lexislación en materia de protección de datos de carácter persoal.
- As normas sobre incompatibilidades e as situacións de conflito de intereses en que se atopen os membros das Xuntas de Goberno.
- Información estatística sobre a actividade de visado.

2. INFORME DA PRESIDENCIA.

Como en exercicios anteriores, a actividade desenvolta polo Colexio no período estrutúranse en torno ás seguintes liñas:

1. Relacións de carácter institucional, tanto cas diferentes Administracións Públicas, como co resto de organización de Cosital, así como con outros Colexios e organizacións de carácter profesional.
2. Actividades formativas.
3. Actuacións efectuadas en resposta á situación individual dun compañeiro.

2.1 RELACIONES DE CARÁCTER INSTITUCIONAL.

2.1.1. Relacións ca Xunta de Galicia.

COMISIONS DE SERVIZOS. No mes de novembro, o Colexio dirixiu á Dirección Xeral de Administración Local un informe ao respecto do que ao noso parecer deben ser os criterios a aplicar cando un mesmo posto vacante é pretendido un nomeamento en réxime de comisión de servizos por máis dun funcionario, e das preferencias a observar cando estes non pertencen á mesma subescala e categoría.

CONVENIO SUBVENCIONADOR.

En data 14/08/18 foi asinado un convenio subvencionador ca Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza. O importe da achega aportada polo órgano autonómico ascendeu á seguinte contía:

TOTAL GASTOS FINANCIAR (persoal e gastos de comunidade de propietarios)	11.901,73 €
Aportación concedida	9.521,38€
Coefficiente de financiamento	80,00 %

REUNIÓN CA DIRECCIÓN XERAL DE ADMINISTRACIÓN LOCAL.- O 13/11/18 foi celebrada unha reunión na Dirección Xeral da Administración Local á que asistiron representantes os Cosital de A Coruña, Pontevedra e Ourense. Entre asuntos abordados, cómpre destacar a necesidade plantexada pola Xunta de aprobar un novo regulamento autonómico da profesión, adaptado ao RD 128/18.

2.1.2. Relacións ca Deputación Provincial de A Coruña. Está prevista a formalización dun protocolo de actuación para determinar as canles de colaboración entre a Deputación e o Colexio para posibilitar de forma efectiva o cumprimento por parte dos funcionarios de administración local con habilitación de carácter nacional, das obrigas normativas vixentes

referidas á Intervención das comprobacións materiais dos investimentos naqueles supostos en que a inexistencia de dispoñibilidades persoais e/ou a esixencia de coñecementos técnicos para levar a cabo esas funcións, requiran a asistencia e colaboración da Deputación Provincial a través do Servizo de Asistencia Técnica a Municipios.

2.1.3. Relacións co Consejo General de Cosital. En relación a este apartado, cómpre destacar o seguinte:

COTAS ORDINARIAS. De acordo co previsto no artigo 31.1 do Regulamento de Réxime Interno do Consejo General de Cosital, os Colexios Territoriais deben contribuír abonar ao financiamento do Consejo co 20% da cota ordinaria anual mínima a abonar polos colexiados, definida na letra a) do apartado primeiro do artigo 21 dos Estatutos Xerais (1% do salario base previsto para o Subgrupo A1 na Lei de orzamentos xerais do Estado, multiplicada polo número de colexiados exercentes ao inicio do exercicio). O seu pago efectúase en catro prazos trimestrais, de carácter anticipado.

No 2018, a cota soportada polo noso Colexio ascendeu a un importe de 5.112,72 € (5.260,41 € no 2017). A domiciliación do pagamento neste ano permitiu acceder por vez primeira a un desconto do 5 % na contía a abonar.

XUNTA DE REPRESENTACIÓN AUTONÓMICA. O artigo 30 dos Estatutos Xerais de Cosital establecen que a Xunta de Representación Autonómica é presidida polo Presidente do Consejo General, estando integrada por todos os Presidentes dos Consellos Autonómicos.

Ao non estar constituído o Consello Autonómico de Galicia, fíxose preciso facer uso da previsión contida na Disposición transitoria quinta dos Estatutos xerais de Cosital:

“1. Naquelas comunidades autónomas en que os Consellos Autonómicos aínda non se constituíron, os Colexios Territoriais existentes nas mesmas acordarán de forma conxunta a designación dunha representación provisional para a Xunta de Representación Autonómica do Consejo General, nomeamento que haberá de recaer en quen ostente algunha das Presidencias dos Colexios Territoriais que formen parte da Asemblea do Consello. Poderán conservar a súa vixencia aquelas designacións existentes á entrada en vigor dos presentes Estatutos xerais que formen parte da Asemblea do Consello.

2. No caso das comunidades autónomas uniprovinciais dita representación recaerá en quen exerza a Presidencia do Colexio Territorial respectivo”.

Así, e segundo o acordo adoptado polos catro Cosital de Galicia no ano 2013, a representación corresponderá de xeito sucesivo a cada un dos Presidentes, ou persoa en

quen estes deleguen. No 2018, a Xunta de Representación Autonómica celebrou as seguintes reunións:

Data	Asistencia en representación dos Cosital de Galicia
16 de marzo	Cosital Ourense
22 de xuño	Cosital A Coruña
14 de decembro	-----

2.1.4. Outras relacións de carácter institucional.

DIRECCIÓN GENERAL DE FUNCIÓN PÚBLICA. No pasado mes de xuño, o Colexio plantexou ante este órgano unha consulta ao respecto da aplicación do Real decreto 128/2018 nos municipios de gran poboación, no tocante ao asesoramento legal preceptivo contemplado no artigo 3.3. A consulta pretendía precisar a quen corresponde emitir informe nos expedientes (ou nota de conformidade cos informes que obren nos mesmos), tendo en conta o deseño organizativo destes municipios, en que xunto ao Secretario Xeral do Pleno, figuran o titular do Órgano de Apoio á Xunta de Goberno Local e a Asesoría Xurídica. A resolución da consulta foi comunicada en data 20/06/18.

CONCELLO DE VAL DO DUBRA. O Colexio participou no trámite de exposición pública da relación de postos de traballo do Concello, presentando alegacións a diversas cuestións relativas tanto ao posto da Secretaría Intervención, como da Tesourería Municipal. A data de peche desta memoria non se tiña recibido contestación ás mesmas, atopándose pendente de aprobación definitiva o expediente alegado.

CONCELLO DE CEDEIRA/VALEDOR DO POBO. Durante o trámite de exposición pública do orzamento, e ante a inexistencia dunha RPT, o Colexio solicitou información relacionada cos gastos de persoal, a fin de comprobar a efectiva reserva das funcións asignadas á Tesourería. O orzamento foi aprobado sen que tivera sido atendida a solicitude do Colexio. Tras formular a correspondente queixa ante o Valedor do Pobo, a documentación foi achegada o pasado mes de outubro. A Tesourería do Concello de Cedeira foi finalmente incluída no concurso unitario do exercicio 2018.

2.2 Actividades formativas. Ao longo do exercicio 2018, o Colexio desenvolveu as seguintes accións de formación:

XORNADA SOBRE COACHING

Data de celebración: 26 de xaneiro de 2018

Lugar de desenvolvemento: A Coruña (sede territorial da Once en Galicia).

PROGRAMA

09:00 h. **A reorganización do persoal en función das preferencias cerebrais dos colaboradores.**

10:00 h. **Traballar con persoas difíciles nos departamentos, con especial referencia aos manipuladores.**

11:00 h. **Pausa café**

11:30 h. **Dirixir equipos con metamodelos de comunicación.**

12:30 h. **A comunicación verbal e non verbal para directivos, con especial referencia aos xestos inconscientes e semiconscientes dos Alcaldes e Concelleiros.**

14:00 **Pausa comida**

15:00 h. **Formas de organizar os tempos e execución de tarefas para os directivos públicos e os equipos de traballo.**

16:15 h. **A dirección de equipos en Concellos: unha nova perspectiva para a xestión de cambios.**

17:30 h. **Remate da xornada.**

2.3 Seguimento dos concursos ordinario e unitario.

CONCELLO DE LOUSAME. O Concello participou no trámite de exposición pública do acordo de aprobación plenaria de aprobación dos méritos específicos. As súas alegacións foron atendidas polo Concello, e a praza foi incluída e adxudicada no concurso ordinario deste ano.

2.4 Actuacións individuais de asistencia a colexiados. Ao longo do exercicio foron atendidos diversos asuntos plantexados con carácter individual polo compañeiro afectado, tanto a través da sede colexial, como mediante consulta directa á Presidencia, ben por medio de correo electrónico, ou por vía telefónica, empregando para elo a liña móbil de que dispón ao Colexio a tal efecto.

As cuestións suscitadas responden a aspectos moi diversos que, como vén sendo habitual, poden agruparse en torno as seguintes materias:

- Actuacións relacionadas con procedementos disciplinarios.
- Incidencias derivadas da tramitación de expedientes ante outras administracións.

- Dificultades para o normal exercicio de funcións reservadas.

2.5 Actuacións de colaboración para a provisión de postos vacantes. A solicitude tanto dos respectivos Alcaldes como da Dirección Xeral de Administración local, difundíuse entre os colexiados a necesidade de atender os seguintes postos reservados:

- 1.
2. Secretaría-interv. Concello Cenlle (Ourense)
3. Secretaría-interv. Entidade Menor Bembrive (Pontevedra)
4. Intervención Concello A Cañiza (Pontevedra)
5. Secretaría-interv. Concello Sobrado do Monxes (A Coruña)
6. Secretaría-interv. Concello Cenlle(Ourense)
7. Intervención Concello Serra Outes (A Coruña)
8. Secretaría-interv. Concello Pontedeva (Ourense)
9. Intervención Concello Tui(Pontevedra)
10. Interv. Concello Valdoviño (A Coruña)
11. Secretaría Concello Cuntis(Pontevedra)
12. Intervención Concello Boiro (A Coruña)
13. Secretaría-interv. Concello O Saviñao(Lugo)
14. Secretaría-interv. Concello Baños de Molgas(Ourense.) Secretaría Celanova(Ourense)
15. Secretaría-interv. Concello Pantón(Lugo);
16. Secretaría Concello Celanova (Ourense)
17. Secretaría Concello Marín (Pontevedra)
18. Secretaría Concello O Rosal (Pontevedra)
19. Intervención Concello Ferrol (A Coruña)
20. Tesorería Concello Ames (A Coruña)
21. Intervención Concello Mos (Pontevedra)
22. Intervención Concello de Cambados (Pontevedra)
23. Tesorería Concello de Rianxo (A Coruña)
24. Tesorería Concello Barbadás (Ourense)
25. Oficial Mayor Concello Ourense
26. Intervención Concello O Porriño (Pontevedra)
27. Tesorería Concello Rianxo (A Coruña)
28. Tesorería Concello Pontearreas
29. Intervención Concello de Cedeira (A Coruña)
30. Intervención Concello Laracha (A Coruña)
31. Secretaría-Intv. Concello O Saviñao (Lugo)
32. Secretaría Diputación Lugo
33. Secret-Interv. Concello Castrelo de Miño (Ourense)
34. Intervención Concello de Foz (Lugo)
35. Intervención Concello de Santiago de Compostela (A Coruña)
36. Desierta Convocatoria concurso Secretaría Concello de Vigo (Pontevedra)

37. Modificación clasificación puestos FHN Secretaría e Intervención Concello Ortigueira (A Coruña) de superior a entrada
38. Intervención Concello de Muros (A Coruña)
39. Tesorería Concello Muros (A Coruña)
40. Secretaría do Concello de Arteixo (A Coruña)

3. MEMORIA DA SECRETARÍA.

3.1 Variacións rexistradas no censo de colexiados. Ao longo do exercicio 2018, a variación experimentada no número de colexiados respondeu -ate a data de peche desta Memoria- ao seguinte resumo:

<i>Colexiados a 31 de decembro de 2017</i>	200
<i>Baixas no exercicio 2018</i>	4
<i>Altas no exercicio 2018</i>	3
<i>Colexiados á data de convocatoria da Asemblea Xeral</i>	199

Con carácter informativo, reproducécese a continuación cal foi o número de colexiados ao remate dos últimos exercicios:

<i>Nº colexiados a 31/12/2017</i>	200
<i>Nº colexiados a 31/12/2016</i>	206
<i>Nº colexiados a 31/12/2015</i>	206
<i>Nº colexiados a 31/12/2014</i>	207
<i>Nº colexiados a 31/12/2013</i>	207
<i>Nº colexiados a 31/12/2012</i>	206
<i>Nº colexiados a 31/12/2011</i>	237
<i>Nº colexiados a 31/12/2010</i>	228

3.2 Actividade desenvolta pola Xunta de Goberno.

No 2018 a Xunta de Goberno celebrou sesións nas seguintes datas:

<i>Data</i>	<i>Carácter</i>
<i>26.04.18</i>	<i>Ordinaria</i>
<i>12.11.18</i>	<i>Ordinaria</i>

As actas das sesións están a disposición de todos os colexiados a través da web do colexio.

4. MEMORIA DA INTERVENCIÓN (Informe anual da xestión económica)

4.1 Gastos de persoal. O Colexio conta cunha empregada, contratada con carácter indefinido e a tempo parcial (50 % da xornada).

En aplicación do disposto no artigo 31 do Convenio Colectivo de Oficinas e Despachos da Provincia de A Coruña¹, a categoría da traballadora é a de oficial primeira, correspondéndolle o nivel profesional 06. O custe derivado desta contratación figura reflectido nas contas anuais, sendo o seu detalle o seguinte:

MES	SOLDO	Outros conceptos	ANTIGÜIDADE	TOTAL NÓMINA	SEGURIDAD SOCIAL EMPRESA
Xaneiro	662,22		165,55	827,77 €	298,4
Febreiro	662,22		165,55	827,77 €	298,4
Marzo	662,22		165,55	827,77 €	298,4
Abril	662,22		165,55	827,77 €	298,4
Maio	662,22		165,55	827,77 €	298,4
Xuño	662,22		165,55	827,77 €	298,4
Xullo	1324,64		331,1	1655,74 €	298,4
Agosto	662,22		165,55	827,77 €	298,4
Setembro	662,22		165,55	827,77 €	298,4
Outubro	662,22		165,55	827,77 €	298,4
Novembro	662,22		165,55	827,77 €	298,4
Decembro	1324,64		331,1	1655,74 €	298,4
	9.271,48 €	€	2.317,70 €	11.589,18 €	3.580,80 €

4.2 Retribucións dos membros da xunta de goberno. Os membros da Xunta de Goberno non perciben ningún tipo de retribución polo desempeño do seu cargo. Sen prexuízo disto, ao longo do exercicio foron recoñecidas ao seu favor indemnizacións por razón de servizo, derivadas tanto dos desprazamentos efectuados a consecuencia da celebración de sesións por parte deste órgano como, con carácter secundario, dos derivados doutro tipo de xestións relacionadas ca actividade do Colexio.

O abono destas indemnizacións susténtase no disposto no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo, a excepción do que se refire ao importe da indemnización por uso de vehículo particular, que ascende a 0,35 €/km, segundo acordo adoptado pola Xunta de Goberno en data 28/09/96. Para o cálculo dascontías a abonar considerouse en cada caso a distancia existente entre o lugar de celebración da sesión e o de residencia do perceptor.

¹ <http://www.boristenes.com/noticias/wp-content/uploads/2014/02/15001075-2012-2014-CC-Oficinas-y-Despachos.pdf>

As contías percibidas por cada membro da Xunta de Goberno ao longo do exercicio foron as seguintes:²

NOMBRE	LOCALIDADE	SESIÓNS	ASIST.	KM 0,19	KM 0,16	Total	IRPF 15%	TOTAL
Alonso Fernández	SANTIAGO	2	1	26,6	22,40	49	3,36	45,64
Andrade García	ARZUA	2	2	56,24	47,36	103,60	7,10	96,50
Cobas Cotelo	CARBALLO	2	1	14,82	12,48	27,30	1,88	25,43
García Fernández	MUXÍA	2	1	35,34	29,76	65,1	4,46	60,64
García Ferro	LUGO	2	1	37,24	31,36	68,6	4,7	63,90
Gómez Pedreira	SANTIAGO	2	2	53,20	44,80	98	6,7	91,28
López Vila	AS PONTES	2	2	66,12	55,68	121,80	8,35	113,45
Nartallo Penas	SANTIAGO	2	2	53,20	44,80	98	6,72	91,28
Oveja Villafañe	SANTIAGO	2	2	53,20	44,80	98	6,72	91,28
Rodríguez Toajas	A CORUÑA	2	2					
Rodríguez Tourón	SANTIAGO	2	2	53,20	44,80	98	6,72	91,28
Rueda de Valenzuela	PONTEVEDRA	2	2	102,6	86,40	189	12,96	176,04
Rueda de Valenzuela		Gtos. D.		253,88	213,76	467,64	32,06	435,58
García Ferro		Gtos. D.		37,24	31,36	68,6	4,7	63,90
Oveja Villafañe		Gtos. D.		342	288	630	43,2	586,8
Rodríguez Toajas		Gtos. D.		19	16	35	2,4	32,60

Totais

4.3 Contas anuais. De acordo co previsto no artigo 33.2 dos Estatutos, o Colexio levará un sistema de contabilidade que permita o seguimento e control de todas as súas operacións, así como determinar a composición e situación do seu patrimonio. Para o seguimento das operacións contables, o Colexio rexerese polas normas de adaptación do Plan xeral de contabilidade ás entidades non lucrativas, aprobado polo Real decreto 1991/2011, do 24 de outubro.

Adicionalmente, e segundo dispón o artigo 33.2 dos nosos Estatutos, o orzamento do Colexio territorial seguirá as normas propias do dereito orzamentario das entidades locais.

² Notas ao cadro de indemnizacións:

- Sesións ordinarias celebradas ate a data de convocatoria da asemblea á que se somete a Memoria.
- Importes brutos.
- As localidades de referencia son as de residencia de cada un dos vogais.

Por último, o artigo 25 dos Estatutos Colexiais establece que corresponde á Xunta de Goberno aprobar o orzamento xeral, e render ante a Asemblea Xeral as contas anuais. En aplicación deste precepto, tanto o Balance como a conta de resultado económico patrimonial do exercicio 2017 foron sometidos á Xunta de Goberno ordinaria celebrada en data 19.04.18. Nesta mesma sesión, deuse aprobación ao orzamento do exercicio 2018.

5. OUTRAS CUESTIÓN DE INTERESE.

5.1 Código Ético. O artigo 10 ter e) de lei 11/2001, de 18 de setembro, de Colexios profesionais da Comunidade Autónoma de Galicia, establece que a Memoria Anual incluírá o contido dos seus códigos de conduta en caso de dispor dos mesmos.

O Código ético de Cosital foi aprobado na VI Asemblea SITAL, celebrada en Salamanca o 12-14 de maio de 2005. O seu texto pode ser consultado no seguinte enlace:

- http://www.cosital.es/attachments/174_Codigo%20Etico%20Cosital.pdf

6. PREVISIÓN PARA O EXERCICIO 2019.

6.1 Elaboración dun plan estratéxico. A Memoria dos últimos exercicios incorporaba un apartado referente á relación de propósitos para o vindeiro exercicio, que puideran ser obxecto de seguimento e análise nas seguintes edicións deste documento.

Como alternativa a este sistema, é intención da Xunta de Goberno que dentro do primeiro semestre do exercicio 2019 poida ser aprobado un plan de carácter estratéxico, a fin de establecer o traballo por obxectivos como xeito ordinario de funcionamento da organización.

Para abordar un proxecto desta envergadura, e a fin de superar as dificultades que teñen impedido o seu desenvolvemento até o de agora, durante o primeiro trimestre do ano promoverase a constitución de grupos de traballo.

A aprobación deste plan someterase á consideración dunha Asemblea de carácter extraordinario, intentando que a celebración desta coincida ca festividade de Santa Rita, retomando así a tradición de celebrar o día da Patroa da Administración Local.

6.2.- No mes de xaneiro do exercicio 2019 será retomado o proceso para a constitución do Consello Autonómico de Cosital de Galicia, para o que será remitida a correspondente proposta aos Colexios de Pontevedra, Lugo e Ourense.

A creación deste órgano constitúe unha necesidade perentoria para colectivo, a fin de procurar a unidade de actuación y criterio ante as administracións con competencias sobre a profesión, dispensando así mesmo unha maior representatividade aos Colexios Territoriais no seno do Consejo General de Cosital.

6.3.- Fusión con Cosital Pontevedra. Ao longo do exercicio 2018 foron establecidos diversos contactos ca Presidencia de Cosital Pontevedra co fin de fusionar as Colexios Territoriais de ambas provincias, dando lugar así a unha das organizacións máis grandes de toda España. As conversas atópanse nun estado moi avanzado. O proxecto conta co praxe da Xunta de Goberno local, estando previsto o seu sometemento á información pública de todos os nosos colexiados dentro do primeiro trimestre do exercicio 2019, como paso previo á súa toma en consideración pola Asemblea do Colexio.

6.4.-Creación de postos de tesourería. Despois de efectuar as correspondentes consultas cos habilitados destinados nos Concellos afectados, desde o Colexio será remitida unha comunicación a todos aqueles municipios en que as funcións reservadas á Tesourería non estean a ser desempeñadas por un FHCN, a fin de esixir o cumprimento do disposto a este respecto no artigo 92 bis da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local. Levadas a cabo igualmente as xestións oportunas, o cumprimento desta obriga será igualmente requirido pola administración autonómica.

7.PUBLICIDADE DA MEMORIA.

En cumprimento da normativa citada ao longo deste documento, a presente Memoria Anual, aprobada pola Asemblea, deberá facerse pública a través da páxina web do Colexio no primeiro semestre de cada ano.

Igualmente, o Colexio facilitará ao Consejo General a información precisa para que este elabore a Memoria Anual do conxunto do colectivo. Remitirase a tal efecto esta Memoria, sen prexuízo da información adicional que puidera serlle requirida.

En A Coruña, decembro de 2018.

O Presidente de Cosital Coruña.

José Antonio Rueda de Valenzuela.